

NOTA DE PRENSA

INÍCIASE A 1ª FASE DO RECINTO DEPORTIVO NA FINCA DE RAQUEL FERNÁNDEZ SOLER

O Concello da Pobra do Caramiñal e a Deputación Provincial da Coruña asinarán o convenio para a posta en marcha da 1ª Fase do proxecto do recinto deportivo na finca de Raquel Fernández Soler situada na rúa Lapidio.

Despois da instalación da pista multideportiva, financiada por la Secretaría Xeral para o Deporte na mesma finca, e que en certo modo deu o pistoletazo de saída para este novo convenio, podemos dicir que en breve os nosos xoves, e os non tan xoves, terán unha zona máis na que poder practicar deporte na nosa vila. Ademais, desta pista multideportiva contarase cunha pista de baloncesto, unha pista de skate e un rocódromo.

Nesta 1ª Fase levarase unha completa remodelación da parcela coas instalacións de drenaxe e saneamento, instalación de sistema de rego e alumeado, construción dun muro de formigón armado que permita eliminar os taludes actuais e gañar espacio para o recinto. Rematarase coa pavimentación da pista de baloncesto e a de skate.

Quedaría pendente para a 2ª Fase a dotación do equipamento deportivo necesario, remodelación do muro de peche da parcela, o axardinamento e dotación de instalacións de rego e iluminación.

O importe desta actuación elévase aos **44.966,77 €** que serán financiados integramente pola Deputación Provincial mediante o devandito convenio.

Esta actuación ven a incidir na política que está a levar a cabo este equipo de goberno dotando das infraestruturas necesarias para a práctica deportiva en todos os rangos de idades, como mostra temos os parques biosaúdables xa presentados no seu momento, e que neste caso favorece un pouco máis aos nosos xoves xa que contarán con dúas pistas para a práctica de deportes un pouco máis arriscados como son o skateboard e a escalada.

A Pobra do Caramiñal, a 24 de novembro de 2010.